



**INSTRUCCIÓN PARA A PRESENTACIÓN DOS MÉRITOS ALEGADOS NAS SUBEPÍGRAFES 3.2.1 E 3.2.4 DO ANEXO II DO PROCEDIMENTO SELECTIVO CONVOCADO POLA ORDE DO 4 DE XUÑO DE 2020 (DOG nº122, do 22 de xuño)**

A base 3.5 da Orde do 4 de xuño de 2020 pola que se convoca procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas (*Diario Oficial de Galicia*, do 22 de xuño) establece que: “o persoal participante no concurso que alegue méritos na subepígrafe 3.2.1 e participase no concurso de traslados convocado pola Orde do 8 de novembro de 2010 (DOG do 16 de novembro) ou polas convocatorias seguintes, concorrerá coa puntuación que na epígrafe 6.1 do concurso lle foi outorgada, dividida por 2,50, e procederá a presentar para a súa consideración novos méritos que fosen perfeccionados con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes da última convocatoria pola que participaron.

Así mesmo, con carácter excepcional, o persoal interesado poderá renunciar á puntuación total desta subepígrafe, e debe, neste caso, volver alegar os méritos da devandita subepígrafe 3.2.1 e presentar todos os documentos xustificativos deles.

Os méritos a que se fai referencia no parágrafo anterior, xunto cos referidos á subepígrafe 3.2.4 do anexo II, deberán alegarse na base de datos no prazo de presentación de solicitudes, e imprimírase a folia de alegacións correspondente a estes méritos da aplicación informática que, xunto cos documentos xustificativos, se remitirá ao tribunal cualificador correspondente no prazo e lugar que este estableza”

En consecuencia, ao abeiro do establecido na base 3.5 da Orde do 4 de xuño de 2020, logo de consulta aos tribunais cualificadores do procedemento de acceso e coa finalidade de que os tribunais procedan a baremación dos méritos correspondentes as subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4 do Anexo II alegados polas persoas interesadas no prazo de presentación de solicitudes deste procedemento selectivo, o persoal aspirante deberá remitir a folia de alegacións xerada para estes méritos xunto cos documentos xustificativos de acordo coas seguintes instrucións:

**A) Prazo de presentación** (folia de alegacións e méritos correspondentes ás subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4 do Anexo II): desde o día **20 de setembro de 2021** ao día **30 de setembro** de 2021.





**B) Destinatario:**

**Tribunal de acceso ao corpo de catedráticos de (.....indique o que proceda), área (.....indique o que proceda)**

Inspección Educativa de Santiago de Compostela, rúa San Lázaro, 107, C.P. 15781 Santiago de Compostela  
(sede dos tribunais cualificadores do procedemento de acceso)

**C) Xustificación dos méritos:** o persoal aspirante deberá xustificar os méritos alegados nas subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4 de conformidade co establecido no artigo 7.2, letra j), punto 1 e 4 da Orde do 2 de xuño de 2021 pola que se regulan o contido, uso e acceso ao expediente do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006,(código de procedemento ED011A).

Non terán que realizar ningunha xustificación das publicacións aquelas persoas que se acolleran á puntuación outorgada no concurso de traslados e non alegaran méritos perfeccionados con posterioridade a súa participación no concurso.

No caso de persoas aspirantes que participen por máis dunha especialidade dirixirán a documentación xustificativa ao tribunal, cando sexa o caso, da área que corresponda á especialidade na que teña destino na actualidade.

**C.1 Documentación xustificativa dos méritos da subepígrafe 3.2.1 do Anexo II:**

1. **Libros:** *portada e contraportada* do libro, certificado da editorial onde consten o título do libro, persoas autoras, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, número de exemplares e que a difusión destes foi en librerías comerciais.

*En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en librerías comerciais: portada e contraportada* do libro, título do libro, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).

*Para o caso de que a editorial ou asociación desaparecese, os datos requiridos neste certificado haberán de xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.*

2. **Revistas:** *portada e contraportada* da revista, certificado no que consten o número de exemplares, lugares de distribución e venda, asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, persoas autoras, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición.





*En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en establecementos comerciais: certificado onde consten o título da revista, persoas autoras, data da primeira edición, número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de docentes, institucións culturais, etc.).*

*Para o caso de publicacións soamente en formato electrónico, presentarase un informe no que o organismo emisor certifique que a publicación aparece na correspondente base de datos bibliográfica. Neste documento indicaranse a base de datos, o título da publicación, as persoas autoras, o ano e a URL.”*

#### C.2 Documentación xustificativa dos méritos da subepígrafe 3.2.4 do Anexo II:

*“ (...)4. **Premios:** certificado da entidade que emite o premio, onde conste/n o/os nome/s da/das persoa/s premiada/s, o seu ámbito e a categoría do premio.*

#### D) Medios de presentación:

-a secretaría do centro educativo en que presta servizos o persoal aspirante

-calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas consonte coa base 3.8 da Orde do 4 de xuño de 2020.

Para o caso de presentar a dita documentación no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) empregarase a solicitude xenérica PR004A dirixida á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade **indicando no campo código do procedemento da solicitude CATEDR**. Neste suposto ademais, unha vez realizada a presentación no rexistro electrónico, deberá remitirse o recibo acreditativo da presentación ao correo electrónico [persoal.secundaria@edu.xunta.gal](mailto:persoal.secundaria@edu.xunta.gal).

No suposto de presentación mediante a secretaría do centro, nunha oficina de asistencia en materia de rexistro (presencial) ou mediante oficina de correos, en sobre aberto, deberá dirixila en todo caso ao **Tribunal de acceso ao corpo de catedráticos do corpo e área que corresponda**, con sede no Servizo de Inspección Educativa de Santiago de Compostela, rúa San Lázaro, 107, C.P. 15781 Santiago de Compostela.

E) **Requisito:** Unicamente serán obxecto de baremación os méritos alegados e perfeccionados no prazo de presentación de solicitudes do procedemento de acceso desde **o día 23 de xuño de 2020 ata o día 14 de xullo de 2020**, ambos incluídos.





Non obterán baremo as publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de materias de carreira, máster ou doutoramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión nin as que sexan editadas pola persoa autora. Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións.

**F) Baremo provisional das subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4**

As puntuacións provisionais, por corpos e especialidades, relativas a estas subepígrafes publicaranse na páxina web <http://www.edu.xunta.gal>.

Contra a puntuación provisional outorgada polos tribunais nestas subepígrafes poderase presentar reclamación ante o propio tribunal, na sede de actuación, no prazo de cinco días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación na devandita páxina web.

**G) Baremo definitivo das subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4**

Resoltas as reclamacións contra as puntuacións provisionais, os tribunais procederán á publicación das puntuacións definitivas na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, <http://www.edu.xunta.gal>.

Contra as puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O subdirector xeral de Recursos Humanos

José Luís Canosa Baldomir

